



III CICLO MUSEOS DE CINE

Jorge Cabezas, Paseo Marítimo, Col. Museo de Belas Artes da Coruña

ORGANIZA: Asociación de Amigos en colaboración co Museo de Belas Artes da Coruña
Entrada libre

Iniciamos unha nova edición deste ciclo de cine, tanto de documental como de ficción, que pretende descubrirmos os espazos museísticos e galerías de arte, a actividade que alí se realiza e o papel dos seus protagonistas, para que así, transportados pola mirada do autor, podamos coñecer a trama que se esconde tras estas grandes e/o pequenas institucións culturais. Convidámosvos a compartir con nós esta apaixonante viaxe.

Día 8 de abril de 2026 19:30H

Os crímenes no Museo de Cera (Estados Unidos, 1953) 85 min

Dirección: André de Toth

Guión: Crane Wilburn

Fotografía: Bert Glenon

Reparto: Vicent Price, Frank Lovejoy, Phyllis Kirk, Carolyn Jones, Chrales Bronson

Un escultor de figuras de cera crea no seu pequeno museo obras que teñen o propósito de chegar a plasmar a beleza coa máxima perfección posible. Un dos títulos máis soados do cine de terror, con gran potencia visual, e excelentes interpretacións acompañados dunha intensa banda sonora. A trama é tan inquietante como a interpretación de Vicent Price que continuou a súa carreira encarnando todo tipo de escuros personaxes.

Día 15 de abril de 2026 19:30H

Topkapi (Estados Unidos 1964) 120 min

Dirección: Jules Dassin

Guión: Monjia Danischewsky

Fotografía: Henri Alekan

Reparto: Melina Mercouri, Peter Ustinov, Maximilian Schell, Robert Morley

Estamos ante unha película do xénero de roubos, sofisticado neste caso e, que conta co aliciente do gran Peter Usinov, galardoado cun Oscar pola súa interpretación. Melina Mercouri e Maximilian Schell intentarán facerse coa marabillosa daga exhibida no museo Topkapi, un dos mellor custodiados do mundo, e recrutarán a un heteroxéneo grupo de afeccionados para lograr o seu obxectivo.

Día 26 de abril de 2026 19:30H

Máis que un museo (España 2024) 64 min

Dirección: Morrosko Vila-San-Juan

Guión: Morrosko Vila-San-Juan y Yolanda Blázquez

Fotografía: Matilda Vidal de Llobatera, Enric Juste

En 2008 a cidade de Oslo convoca un gran concurso internacional para a construción do novo museo Munch. Contra todo prognóstico, gañao un pequeno estudo español, Estudio Ferreiros, que é o único que propón un edificio en altura. Este documental narra a historia dun proxecto diferente e arriscado que se prolonga durante máis de doce anos, redefine o concepto de museo contemporáneo e é unha peza crave da gran transformación arquitectónica e urbanística da cidade.